

OFICINA TÉCNICA

1. O Consorcio de Santiago comeza as actuacións para a restauración da Fonte dos Cabalos

O Consorcio de Santiago comezou as labores para a recuperación da Fonte dos Cabalos na Praza de Praterías a través do estudo TAD3 LAB, que desenvolveu os traballos necesarios para poder realizar o levantamento fotogramétrico e de escáner láser que servirá de base para redactar o proxecto de limpeza, restauración e conservación da fonte, e así intervir posteriormente, coñecendo con precisión as características de conxunto.



PUBLICACIÓNS

2. O Consorcio de Santiago presenta unha reimpresión da obra "Historias do Carril-Cornes"

O Consorcio de Santiago presentou o 6 de novembro na Casa das Asociacións de Cornes a reimpresión da publicación "Historias do Carril-Cornes", do autor Xoán Luís Miguéns García e pertencente á Biblioteca de Divulgación do Consorcio. Esta reimpresión da primeira edición de 2008 faise con motivo do I Centenario da anexión do Concello de Conxo polo de Santiago de Compostela en 1925.

En "Historias do Carril-Cornes" recóllense vinte e catro relatos que son, na súa maior parte, produto de supostos feitos que lles sucederon ás persoas que, dalgún modo, tiñan algunha relación co primeiro "camiño de ferro" galego, ben sexa como ferroviarios, como viaxeiros ou outro tipo de vínculo con este singular ferrocarril que inicialmente uniu Santiago de Compostela co mar de Arousa.

Máis información:

<http://www.consorciodesantiago.org/g/novao/o-consorcio-de-santiago-presenta-una-reimpresion-de-obra-historias-do-carril-cornes>



3. Un libro coeditado polo Consorcio de Santiago e Alvarellos Editora afonda na memoria persoal e colectiva da Compostela de 1936



O Consorcio de Santiago e Alvarellos Editora presentaron o 18 de novembro no auditorio do Museo do Pobo Galego a publicación "E ti, por que queres falar diso?", obra de Paz Leirós e pertencente á Biblioteca Literaria do Consorcio. Esta obra publícase en colaboración co Consorcio de Santiago coa tradución ao galego, a cargo de Susana G. Ducrós, tres anos despois da primeira edición en castelán.

A publicación "E ti, por que queres falar diso?" afonda a través dunha estrutura coral cun colaxe de voces, situacións, viñetas e fragmentos a memoria dunha familia, os Cifuentes, que apoiou o golpe de estado de 1936 en Santiago de Compostela. É un testemuño literario cunha enorme carga de verdade, honestidade, dor e contradicións, que plasma un tempo difícil e incómodo mesturando historia e ficción, un tempo que expresa ademais a dificultade das mulleres para tomar decisións sobre a súa propia vida.

Máis información:

<http://www.consorciodesantiago.org/g/novao/un-libro-coeditado-polo-consorcio-de-santiago-e-alvarellos-editora-a-fonda-na-memoria-persoal-e-colectiva-da-compostela-de-1936>

MÚSICA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

1. A Real Filharmonía rende homenaxe ao compositor Johannes Brahms cun programa que une tradición e vangarda

A Real Filharmonía de Galicia presentou o 6 de novembro en Santiago de Compostela e o 7 de novembro no Centro Cultural Afundación de Pontevedra un programa que combina creación contemporánea e un dos clásicos do repertorio sinfónico.

O concerto, dirixido pola mestra convidada Ruth Reinhardt, incluíu dúas estreas destacadas: por unha banda, a estrea absoluta de "Envol", peza encargada á compositora Núria Giménez-Comas no marco do proxecto "Cometas", co que a orquestra celebra o seu 30 aniversario; e, por outra, a estrea en España de "Idyllium" do compositor alemán Detlev Glanert. O espectáculo completouse con "Elexia para Brahms", de Hubert Parry, e a "Serenata nº 2" de Johannes Brahms, que pechou o programa cunha das súas partituras máis luminosas e singulares.

Máis información:

<https://www.rfgalicia.org/g/a-real-filharmonia-rende-homenaxe-ao-compositor-johannes-brahms-cun-programa-que-une-tradicion-e-vanguardia/>



2. A Real Filharmonía de Galicia selecciona oito finalistas para a dirección asistente da anualidade 2026-2027

A Real Filharmonía de Galicia pechou a convocatoria para a selección do seu próximo/a director/a asistente para a anualidade 2026-2027, na que participaron 81 aspirantes, consolidando o prestixio e a proxección internacional do proxecto artístico da formación galega.

Despois da avaliación das candidaturas, a RFG seleccionou oito finalistas, que serán convidados a participar na fase final do proceso. Esta desenvolverase de forma presencial no Auditorio de Galicia, en Santiago de Compostela, do 8 ao 11 de decembro de 2025, onde os aspirantes traballarán xunto cos músicos da orquestra e co seu director titular e artístico, Baldur Brönnimann.

Máis información:

<https://www.rfgalicia.org/g/a-real-filharmonia-de-galicia-selecciona-oito-finalistas-para-a-direccion-asistente-da-anualidade-2026-2027/>

3. A Real Filharmonía de Galicia celebra o legado da familia Schumann entre ecos románticos e creacións actuais

A Real Filharmonía de Galicia presentou o 12 de novembro en Vigo e o 13 de novembro en Santiago de Compostela un programa dedicado á familia Schumann, un retrato musical do diálogo entre o amor, a creación e o legado romántico

O concerto ofreceu dúas estreas destacadas: a da obra "TAU", da compositora galega Leticia Goás, e a estrea en España de "Clara", da mexicana Gabriela Ortiz. A peza de Ortiz dialoga coa historia de Clara e Robert Schumann, protagonistas tamén da segunda parte do programa grazas á interpretación da "Sinfonía núm. 3 en Mi bemol maior, Op. 97" "Renana" de Robert Schumann.

Máis información:

<https://www.rfgalicia.org/g/a-real-filharmonia-de-galicia-celebra-o-legado-da-familia-schumann-entre-ecos-romanticos-e-creaciones-actuales/>



4. A Real Filharmonía de Galicia acompaña en directo a proxección da película Sing Sing no marco do Cineuropa

A Real Filharmonía de Galicia regresou ao programa Cineuropa para ofrecer unha experiencia musical única: a proxección da película Sing Sing, dirixida por Greg Kwedar, acompañada pola orquestra en directo baixo a batuta do convidado Benjamin "Ben" Voce. O concerto tivo lugar o xoves 20 e tamén o venres 21 de novembro, este último no marco do ciclo (EN)FOCO.

Sing Sing é un drama carcelario baseado nun programa real, o Rehabilitation Through the Arts (RTA), que se desenvolve na prisión de máxima seguridade de Sing Sing (Nova York). A partitura da película foi composta por Bryce Dessner, coñecido tanto pola súa traxectoria sinfónica como pola súa faceta no mundo do rock (é guitarrista e compositor principal da banda The National).

Máis información:

<https://www.rfgalicia.org/g/a-real-filharmonia-de-galicia-acompana-en-directo-a-proyeccion-de-pelicula-sing-sing-no-marco-de-cineuropa/>




5. Aberto o prazo para participar no Obradoiro de Composición de Obras Sinfónicas da Real Filharmonía de Galicia / RESIS.LAB 2026

A Real Filharmonía de Galicia, en colaboración co Festival Resis de Música Contemporánea de A Coruña, organizará no mes de maio do 2026 un obradoiro de lecturas de novas obras sinfónicas co fin de ser un estímulo para compositores e compositoras que estean comezando a súa carreira formativa no ámbito da música clásica.

As actividades deste taller serán levadas a cabo de forma presencial os días 5, 6, 7 e 8 de maio de 2026 no Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela, España). Ao rematar a semana, realizarase un concerto final aberto ao público e unha gravación, sen fins comerciais, das obras elixidas.

Máis información:

<https://www.rfgalicia.org/g/aberto-o-prazo-para-participar-no-obradoiro-de-composicion-de-obras-sinfonicas-da-real-filharmonia-de-galicia-resis-lab-2026/>



ESCOLA DE ALTOS ESTUDOS MUSICAIS



1. A EAEM presenta unha nova convocatoria do Curso de Corda para Nenos

A Escola de Altos Estudos Musicais convoca unha nova edición do Curso de Corda para Nenos, co que se busca facer fincapé na formación dos nenos desde o comezo dos seus estudos musicais na especialidade de corda. Este curso, destinado a nenos de entre 5 e 14 anos, realizarase de xaneiro a maio de 2026 e será impartido por profesorado da EAEM. Nel ofértanse prazas de violín e de violoncello.

As solicitudes para participar deberanse presentar ata o día 10 de decembro a través da web da EAEM acompañado dun breve historial indicando os estudos que realiza actualmente.

Máis información CAED:

<https://eaem.es/g/noticias/a-eaem-presenta-a-sua-oferta-de-classes-musicais-para-novembro-e-diciembre/>

2. Continúan as clases maxistrais na EAEM

A violinista Raquel Castro, a violoncellista Suzana Stefanovic e o oboísta Nick Deutsch impartiron durante o mes de novembro clases maxistrais na Escola de Altos Estudos Musicais.

